OS TEXTOS INSTRUTIVOS

Son aqueles nos que se dan indicacións ou explicacións sobre como facer algo. Xeralmente, están escritos en pasos, para que a persoa lectora poida seguir as instrucións facilmente.

CAL É A SÚA ESTRUTURA?

1. Título

- Indica o **nome** da actividade ou da instrución.
- Debe ser **claro** e **directo**.
  - O **tema** do texto.
  - A **opinión** da persoa que escribe.
- Exemplo: Como facer unha limoada.



2. Listado de materiais (ou ingredientes)

- Serve para preparar todo o que se precisa antes de comezar coa actividade.
- Debe aparecer en forma de listado.
- Exemplo:
  - Ingredientes:
    - 3 limóns.
    - 1 litro de auga fría.
    - 4 culleradas de azucre.
    - Xeo.
  - Utensilios:
    - Un espremedor.
    - Unha xerra grande.



- Unha culler longa.
- Vasos (para servir).

3. Instrucións ou pasos

- Indican o que se debe facer paso a paso.
- Empregan verbos en **imperativo**.
- A **orde** dos pasos é importante.
- Exemplo:
  - Pasos a seguir:

    1. Lava ben os limóns con auga.
    2. Corta os limóns pola metade.
    3. Espreme o zume dos limóns e bota o zume resultante nunha xerra.
    4. Engade auga fría ata encher a xerra.
    5. Engade o azucre e remexe ben ata que se disolva.
    6. Serve a limoada nos vasos e a gozar!

4. Recomendacións ou consellos finais (opcional)

- Achegan ideas para a mellora do resultado.

5. Ilustracións ou imaxes (opcional)

- **Acompañan** os pasos para facilitar a comprensión.

"Teoría textos intrusivos", do proxecto *cREAgal*, publícase coa Licenza Creative Commons Recoñecemento Non-comercial Compartir igual 4.0